


# PROPOSTAS DE ACTIVIDADES

Ola nenos e nenas:

Como estades? Xa tedes ganas de terminar o curso? Hoxe xa é o último día que vos proponho unhas actividades. Traballastes moito estes meses no voso fogar, polo cal tedes unhas merecidas vacacións. Pero xa sabedes que de cando en vez tedes que facer algún traballiño na casa.

**Proxecto “Coñecendo aos animais mariños”:** hoxe terminamos este proxecto cun taller de cociña sobre animais mariños. Vou deixar diferentes receitas, para que cada un elixa a que máis lle guste e realícea coa axuda dun adulto





**Acuario virtual:** na seguinte ligazón ( <https://www.oceanografic.org/visita-virtual/>) podeades facer unha visita virtual ao oceanográfico de Valencia. Espero que vos guste e gocedes vendo aos animais mariños.

**Sesión de cine:** para rematar este curso escolar propóñovos unhas sesións de cine. Estadese preparados? Pois sentarvos cómodos no voso sofá e preparar as palomitas porque a sesión de cine vai comezar.

- “El reino bajo el mar” (<https://youtu.be/mXssPE-Rma8>)
- “Deep – El pulpo” (<https://youtu.be/Tu65UCk4hAo>)
- “Buscando a Dory” (<https://youtu.be/1jnxE24YThY>)

E aquí terminamos o curso 2019-2020 dunha forma un pouco diferente. Dáme moita pena terminar así o curso, sen poder despedirme de todos vós e sen poder facer unha festa de despedida.

Espero que moi pronto todos nos podamos volver ver e que en setembro podamos volver gozar da nosa clase.

E desde aquí enviámoslles moitos bicos e abrazos aos nosos amigos Lía, Roi e Noa que se van para primaria. Botarémovos moito de menos.

